



**Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para establecer as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros sociosanitarios, tendo en conta o indicado ao respecto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19 do 14 de agosto de 2020**

## Xustificación

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Logo do acordo do Consello Interterritorial de Saúde adoptado o día 14 de agosto, foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, o mesmo día, como actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, unha serie de medidas e recomendacións dirixidas ao control da transmisión nos eidos que actualmente son a orixe dos abrochos epidémicos de maior impacto e risco e para controlar a transmisión comunitaria. Algunhas delas constitúen medidas de prevención ou recomendacións en sentido estrito con incidencia nas contidas no acordo do Consello da Xunta de Galicia indicado. Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento, polo que debe procederse á adaptación das medidas autonómicas.



Por este motivo, no Diario Oficial de Galicia publicouse a Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Esta orde engade un número 4.6 no anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, coa seguinte redacción:

«4.6. Medidas adicionais en centros sociosanitarios. A consellería competente en materia de política social, de maneira coordinada coa consellería competente en materia de sanidade, determinará as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros sociosanitarios respecto da realización de probas PCR, réxime de visitas e de saídas, tendo en conta o indicado ao respecto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19 do 14 de agosto de 2020».

## Obxecto

O presente protocolo ten por obxecto establecer as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros sociosanitarios respecto da realización de probas PCR, réxime de visitas e de saídas, tendo en conta o indicado ao respecto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19 do 14 de agosto de 2020.

## Ámbito de aplicación

Enténdese por centros sociosanitarios aos centros con carácter residencial que teñen unha especial vulnerabilidade á infección ocasionada polo COVID-19 como son as residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade, e os centros sociosanitarios para a atención ás persoas con enfermidade mental grave.



## Protocolo

### 1 Réxime de visitas

Limitaranse as visitas a unha persoa por residente, extremando as medidas de prevención, e cunha duración máxima de una hora ao día, agás nas persoas que se atopen no proceso de final da vida.

Para realizar as visitas, deberá solicitarse cita previamente co obxectivo de poder organizalas e evitar aglomeracións.

### 2 Réxime de saídas

Limitaranse ao máximo as saídas das persoas residentes fóra do recinto do centro residencial.

Esta limitación aplícase tanto ás saídas para realizar actividades da vida diaria ou de ocio como as saídas ao domicilio familiar ou por vacacións. Non obstante, adaptarase á situación epidemiolóxica das zonas e tendo en conta o Plan de reactivación no ámbito sociosanitario en relación coa infección ocasionada polo virus SARS-CoV-2.

### 3 Realización de probas PCR ás persoas residentes

Realizaráselles unha proba PCR a todos os novos ingresos, nun período máximo de 72 horas antes da súa incorporación ao centro.

### 4 Realización de probas PCR ao persoal dos centros residenciais

4.1 Realizaráselles unha proba PCR ás empregadas e empregados que se incorporen ao centro residencial tanto cun novo contrato como no regreso de permisos, licenzas ou vacacións cunha duración igual ou superior a 7 días.

Valorarase realizar unha proba PCR no regreso de permisos, licenzas ou vacacións cunha duración inferior a 7 días se a persoa estivo nun territorio cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma galega, segundo o establecido en cada momento pola Dirección Xeral de Saúde Pública.



4.2 No caso da incorporación inminente dun novo/a traballador/a, realizaráselle unha proba diagnóstica para descartar unha posible infección e recollerase unha mostra para realizar a PCR antes da súa entrada ao centro.

4.3 Para realizar a PCR, o/a traballador/a contactará co profesional médico de atención primaria que ten asignado. A proba deberá realizarase nun período máximo de 72 horas antes da súa incorporación ao traballo e non se incorporará a traballar ata coñecer o resultado negativo da proba.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

O conselleiro de Sanidade



Jesús Vázquez Almuña

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez